



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA POLA QUE SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A UTILIZACIÓN DE CORDAS DE CHICOTEO NAS BATEAS DOS POLÍGONOS DE CULTIVO DO ÁMBITO DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O día 10 de xullo de 2026 a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX) solicita a ampliación do prazo para a realización da técnica do chicoteo das cordas de engorde ata o 30 de setembro de 2026 nas bateas de todos os polígonos de Galicia motivada polo aumento do prazo de extracción de semente de mexillón (mexilla) na campaña 2025-2026 ata o 30 de xuño de 2026. Argumenta que o maior volume de recollida acadouse nos meses de abril, maio e xuño, polo que estiman a necesidade de prorrogar o período de autorización do chicoteo desta mexilla para asegurar e homoxeneizar a produción.
2. O día 30 de xullo de 2026 o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, unha vez consultada a Comisión do Mexillón, emite informe favorable para a ampliación do período de uso do chicoteo nas cordas de engorde ata o 30 de setembro de 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 174/2002, do 10 de maio, polo que se modifica o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, aprobado polo Decreto 406/1996, do 7 de novembro establece, no seu artigo 35, que dende o 1 de decembro ata o 31 de xullo poderá realizarse chicoteo nas cordas de engorde a fin de favorecer a homoxeneidade do produto e mellorar a súa calidade. Así mesmo, contempla a excepcionalidade de modificar o mencionado prazo cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie e, consecuentemente, modifiquen a época do ano de fixación larvaria, repercutindo no período de extracción da semente.
2. O artigo 37 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, establece que o período de extracción de mexilla comprende dende o 1 de decembro ata o 30 de abril.

Por resolución do 28 de novembro de 2025 do Departamento Territorial da Coruña atrasouse, con carácter extraordinario, o inicio do período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais ao 2 de xaneiro de 2026 por mor da situación dos bancos de mexilla.

Por Resolución do 29 de abril de 2026 do Departamento Territorial da Coruña ampliouse, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais ata o 31 de maio de 2026. Posteriormente, por Resolución do 29 de maio de 2026, o dito prazo ampliouse ata o 30 de xuño de 2026.





3. O artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, establece que no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro autorízase a colocación de cordas colectoras de semente de mexillón en bateas, de modo que o número de cordas non sobrepase as cen (100) respecto ao máximo autorizado por batea (500).

Por Resolución do 4 de marzo de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, modificouse o o dito período de forma que este comprendese dende o 4 de marzo ata o 30 de setembro do 2026.

Visto o exposto e ao abeiro das súas competencias, **RESOLVO:**

AMPLIAR o prazo para a utilización do chicoteo nas cordas de engorde das bateas de cultivo de mexillón dos polígonos de cultivo situados no ámbito territorial competencia deste Departamento Territorial, por período de **DOUS (2) MESES**, sendo o último día do prazo o **30 de setembro de 2026**, no marco do disposto no Decreto 174/2002, do 10 de maio, baixo as seguintes condicións:

- A talla media da semente de mexillón nas cordas ten que ser inferior a 4 cm medidos no eixe maior.
- A lonxitude máxima da corda sometida a chicoteo será a establecida para as cordas de engorde. En ningún caso poderá ser superior á da altura media da columna de auga, en baixamar equinoccial, correspondente a cuadrícula onde se localiza o viveiro.
- O número máximo de cordas simultáneas con técnica de chicoteo por batea non pode sobrepasar as dúascentas (200).
- O chicote ten que ser de cor branca, cun máximo de 4 mm de diámetro, construído en cordón trenzado ou torcido, de PE (polietileno) ou algodón.

As persoas titulares das concesións deberán facilitar os datos que sexan necesarios ao persoal técnico desta Consellería para levar a cabo un correcto seguimento do proceso.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación.

A directora territorial

P. A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(asinado dixitalmente)

Departamento Territorial na Coruña da Consellería do Mar
Rúa Ramón y Cajal 2, 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 008
spait.mar.coruna@xunta.gal

